

ReMesa

A M E S A I N F O R M A

Manifestación polo futuro do idioma

En galego, Galiza ten futuro



O pasado 16 de maio celebrou-se en Santiago unha manifestación polo futuro do idioma co obxectivo de demandar un cambio total de rumbo na política lingüística do PP, ao tempo que se recuperaba o carácter reivindicativo do día das letras galegas.

A manifestación, que decorreu baixo o lema "En galego, Galiza ten futuro" foi convocada conxuntamente pola Mesa pola Normalización Lingüística, ANOC, ADEGA, ASPG, BNG, COSAL, CAE, CAF, COTENOL, CIG, FPG, Galiza Nova, MEU, Nova Escola Galega, PUN (Plataforma por unha Universidade Normalizada) e o SLG.

Ao finalizar o percorrido, na Praza da Quintana, o autor e director teatral Manuel Lourenzo daba lectura a un manifesto polo futuro da lingua no que se recollía a preocupación polo retroceso que está a sufrir o uso social do noso idioma a pesar dos 15 anos de Lei de Normalización Lingüística, ao tempo

que se denunciaba a desidia que define a política institucional en materia de normalización lingüística.

Por esa preocupación polo estancamento e mesmo retroceso do uso do galego nas diferentes administracións de Galiza, pola escasa presenza do galego no eido sócio-económico, pola situación marxinal da nosa lingua nos medios de comunicación, pola súa escasa presenza nas novas tecnoloxías, ou no mundo da xustiza, polo feito de que o ensino siga sin actuar como elemento galeguizador polas contínuas agresións á nosa toponimia e pola falta de planificación que, ante esa situación, mantén o goberno da Xunta de Galiza, demandamos un cambio total de rumbo na súa política lingüística que, baseada no suposto modelo do que eles chaman "bilingüismo harmónico", demostrou xa sobradamente, segundo indican todos os estudos, unha ineficacia e un fracaso evidentes.

EDITORIAL

A MESA fai 12 anos

A Mesa pola Normalización Lingüística fixo o pasado mes de abril doce anos. O 20 de abril de 1986, dentro das conclusións dun encontro sobre o estado da normalización lingüística celebrado en Santiago de Compostela, nacia A Mesa. Unha das súas primeiras iniciativas foi a petición de que se impartisen en galego o 25% das materias de ensino, o que deu lugar a unha orde da Xunta de Galiza neste sentido que foi impugnada polo goberno español; como reacción a esta impugnación, A Mesa convocou unha manifestación en decembro de 1987 baixo o lema "Aprender en galego non é un delito" que foi apoiada por numerosos colectivos e que reuniu máis de 25.000 persoas.

Desde entón, foron moitas as campañas, iniciativas, denuncias, felicitacións e reivindicacións co obxectivo de devolverlle ao noso idioma o seu sitio na sociedade, de avanzar na recuperación da súa presenza e do seu uso social. Campañas de rebaixas, de galeguización dos nomes e apelidos, de promoción dos produtos etiquetados en galego, de defensa da nosa toponimia, de extensión do uso do galego en distintos ámbitos (comercio e empresa, banca, ensino, informática, restaurantes, etc.); a todo iso hai que engadir o envío de centos de cartas e

xestións, a edición de materiais, o asesoramento legal en discriminacións lingüísticas, e outras actividades de carácter lúdico (certames, carreiras ou festas). Hoxe, como hai doce anos, os ollos seguen postos no mesmo sitio e, aínda que houbo avances, a situación social do galego fai que teñamos que seguir traballando para conseguir a recuperación plena do que nos define e identifica como pobo, o noso idioma.

Do traballo destes anos facemos un balanço moi positivo porque, a pesar dos erros e das limitacións económicas e humanas, A Mesa conseguiu levar adiante con moita vontade un proxecto normalizador claro e ilusionante e converter-se no verdadeiro motor da política lingüística deste país. Un proxecto no que colaboraron, de maneira puntual ou estábel, moitas persoas e organizacións, nun esforzo por facer da Mesa a casa común no traballo pola normalización da lingua galega. Un proxecto que facedes posíbel co voso apoio todas as sócias e sócios da Mesa. Un proxecto no que queremos integrar cada vez a máis xente e a máis colectivos e organizacións, a todas e a todos os que queremos vivir plenamente en galego.

Unha organización libre

Xosé Manuel Sarille

Hoxe en Galicia ninguén dubida de que A Mesa pola Normalización Lingüística é a organización máis dinámica na recuperación social do idioma galego. A Mesa acaba de cumprir unha ducia de anos e neles abarcáronse todos os campos de traballo, desde a galeguización do ensino á da banca, da toponimia á administración local. Cando se fala de idioma na nosa terra A Mesa está presente, polo que dixou ou polo que dirá, porque é unha voz, unha organización libre, que actúa sempre condicionando á Xunta de Galicia ou aos concellos, informando aos cidadáns ou asesorando empresas.

A Mesa fundouse en 1986 e reivindicou de contado que o vintecinco por cento das materias de ensino se impartisen en galego. Foi a primeira polémica xerada pola Mesa. Hoxe comeza a estar asumido polos docentes que esa impartición é unha obriga, co alumnado e coa sociedade.

A Mesa di que o galego é cousa de todos, non duns cantos que o amen moito, e repite sempre que toda a xente en Galicia debe asumir como propia a tarefa de incorporar o idioma a todos os usos, individuais e colectivos.

Leváronse a cabo campañas de todo tipo, considerando pasiva e mesmo negativa a política lingüística da Xunta de Galicia e así se denuncia. Enfrontámonos nos últimos anos a Francisco Vázquez, alcalde da Coruña,

considerando que é o único inimigo do idioma galego con relevancia. A el gañámoslle todos os pleitos legais por mor do topónimo desta cidade, sempre mal usado pola corporación local. Din que A Mesa nunca vai aos tribunais se non hai moitas posibilidades de gañar os casos, porque non gostamos de xudicializar a vida social.

A pesar dos avances, que se recoñecen, na Mesa hai preocupación polos datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia. Nel destácase un alarmante descenso no número de galego-falantes entre os máis novos, unha caída constante desde a xeración que hoxe ten setenta anos ata a que ten agora vinte anos. Se na primeira usan o galego habitualmente o setenta por cento das persoas, nos máis novos só o fan o vintecinco por cento.

Os portavoces da Mesa din que o máis importante do feito nestes doce anos, ademais de combater os abusos contra o galego, foi construír todo un edificio de ideas que non está sistematizado en ningunha obra de recopilación, pero que é o verdadeiro discurso da normalización lingüística en Galicia, o que asumen como propio os intelectuais, os partidos políticos nacionalistas, os sindicatos e as xentes preocupadas pola lingua galega. De feito a organización conta con tres mil socios, e infinidade de colaboracións doutras organizacións, persoas e institucións.

A Mesa recibiu o Pedrón de Ouro-1998

O 24 de maio de 1998 tivo lugar na Casa Museu de Rosalía de Castro, en Padrón, o acto de entrega dos premios que concede a Fundación do Patronato do Pedrón de Ouro. O Pedrón de Ouro 1998 foi-lle concedido á Mesa pola Normalización Lingüística. O Pedrón de Honra foi para o profesor Xavier Carro.

Segundo a acta da Fundación do Patronato do Pedrón de Ouro, A Mesa resultou merecedora deste galardón polos seguintes motivos:

1º. "Polas suas reiteradas mostras de amor e fidelidade a Galiza, tratando de salvagardar o legado identificador, fundamental e trascendente: a lingua galega.

2º. Polo compromiso manifesto para situar a lingua galega no lugar que por dereito lle concerne nestes momentos determinantes da nosa historia como nación, cunha cultura viva e latente, capaz de participar e asumir o papel que lle corresponde na configuración dunha nova Europa dos pobos, occidental e atlántica, que se pretende construír.

3º. Polas campañas de concienciación, a preocupación pola toponimia, a esixencia do cumprimento da Lei de Normalización Lingüística, a presenza na función pública e nos medios de comunicación, a promoción no ensino, o impulso das equipas de normalización, así como o permanente empeño por establecer unha lingua estándar, converte A Mesa pola Normalización Lingüística de Galiza en instrumento eficazísimo para a devecida e arelante recuperación definitiva da lingua galega."

Durante o acto de entrega actuou como mantedor o profesor Xosé María Dobarro Paz, quen pronunciou un discurso no que fixo unha análise da traxectoria e do papel social da Mesa. A presidenta da Mesa, Concha Costas, recolleu o premio en representación da organización e pronunciou un discurso no que, ademais dun breve repaso ás principais actividades da Mesa nestes anos, fixo unha análise da situación actual da lingua, da política lingüística que se está a desenvolver no noso país e da función

social da Mesa na actualidade. Incluímos a continuación o parágrafo final dese discurso, que tedes á vosa disposición no noso web ou a través do noso local de Santiago.

"Tense falado moitas veces do milagre que supón que unha organización como A Mesa siga aí, despois de 12 anos, sen recibir subvencións oficiais. A propia Mesa fixo seu un lema neste sentido: "sen subvencións, sen submisións", non como unha forma de presumir de estar á marxe, senón como a constatación dunha realidade obxectiva que, lonxe de ser a situación desexábel, limita moitísimo a nosa capacidade de actuación e as nosas iniciativas. E se, a pesar diso, A Mesa segue aí,

despois de 12 anos, é grazas a moita xente e a moitas organizacións que así o queren. Por iso, non quixera terminar esta intervención sen facer referencia a todas e a todos os

que fan posíbel que A Mesa siga aí, que reciba hoxe este premio que é, polo tanto, o seu premio. Falo das numerosas organizacións, centros de ensino e asociacións coas que temos traballado conxuntamente ao longo destes anos. Falo de todos os concellos que teñen apoiado as nosas propostas. Falo de todas as empresas que colaboraron nas nosas campañas. Falo dos sindicatos CCOO e CIG, que nos permiten desde hai 7 anos dispoñer dunha persoa liberada para A Mesa, unha contribución inestimábel sen a que non se podería manter o noso ritmo de traballo. Falo de todos os compañeiros e compañeiras que traballaron e traballan de maneira activa

para A Mesa desde a súa creación, fose de forma esporádica en campañas ou iniciativas concretas, fose de forma estábel asumindo postos de responsabilidade nas distintas zonas e seccións ou na directiva nacional; e falo de maneira moi especial do anterior presidente da Mesa, Xosé Manuel Sarille, por todos estes anos de dedicación e traballo e porque sen el A Mesa non sería hoxe o que é. E falo, por suposto, dos 3.000 sócios e sócias da Mesa porque eles son o soporte humano e económico que permite que poidamos seguir existindo e traballando. De todos eles é este premio."



PARA SOÑAR NA NOSA LINGUA

.....

Campiño de Santa María 5 · 36002 Pontevedra
Tlf. e Fax: 986 86 02 76 · E-mail: kalandraka@oninet.es

O pracer de ler

Urzaiz 125 • Tel/Fax 986 37 28 83 • 36205 VIGO

O CDG en español

A comezos de marzo pasado saltaba a nova de que o Centro Dramático Galego estaba a preparar unha montaxe en español. Trata-se dun espectáculo que, baixo o título xenérico de Valle-98, inclúe a representación de 4 pezas de Valle Inclán (*La ligazón*, *El embrujado*, *La cabeza del Bautista* e *Las galas del difunto*), que estarán baixo a responsabilidade escénica de catro directores diferentes.

Trata-se dun feito insólito e inadmisíbel, totalmente contrario ao espírito co que foi criado o CDG e á liña mantida até agora que provocou unha maioritaria reacción en contra xa desde o principio na propia profesión teatral e no mundo da cultura. Esta decisión está a ter unhas repercusións moi negativas para o proceso de normalización do galego que ve como se resente un campo no que o seu uso era de total normalidade.

Reaccións

A Mesa promoveu un Manifesto polo Teatro en Galego no que se solicitaba a paralización do espectáculo e que, en só unha semana, recibiu o apoio de máis de 250 persoas do mundo do teatro e da cultura. A esta forte reacción en contra seguiron moitos outros posicionamentos, tanto a nivel individual como por parte de colectivos: os sindicatos CIG e CCOO, o departamento de Filoloxía Francesa e Galega da Universidade da Coruña, 20 compañías de teatro, a Asociación de Actores, etc. A Mesa enviou o seu manifesto a todos os centros de ensino e concellos do país para que llelo remitisen ao director do CDG e ao conselleiro de Cultura.

Renúncias

A enorme polémica xerada arredor desta montaxe provocou a renuncia de varios actores e actrices que estaban inicialmente no reparto, que se suman con esa actitude aos que xa non aceptaran a proposta inicial de tomar parte no espectáculo.

Decisión inamovíbel

A Mesa solicitou a dimisión do director do CDG, Manuel Guede, por considerar inadmisíbel que un ente público ignore como o está a facer o CDG a opinión clara e unánime das xentes do teatro e a cultura e manteña unha decisión que está a provocar, pola renuncia ao idioma, a reacción, a tensión e as críticas máis intensas que recorda o teatro galego.

Na presentación do proxecto, o director do CDG, Manuel Guede, e o Conselleiro de Cultura cualificaron a montaxe como unha excepción e definiron a toda a xente que se pronunciou en contra como "os do non".

Reproducimos aquí o Manifesto polo teatro en Galego promovido pola Mesa e convidamos-vos a que llo fagades chegar ao director do CDG e ao Conselleiro de Cultura.

Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo
Edificios Administrativos - San Caetano
15704 Santiago de Compostela

Director do CDG
Manuel Guede Oliva
Rúa do Vilar, 35 - 1º
15705 Santiago de Compostela

Manifesto polo teatro en galego

As compañías galegas de teatro foron, ao longo da súa historia e sobre todo nestes últimos 20 anos, un exemplo de fidelidade á lingua e á cultura deste país. Esta actitude coherente foi decisiva para a normalización do galego no mundo do teatro e o esforzo realizado permitiu que o público puidese coñecer a obra de moitos autores galegos e que puidese achegar-se desde o galego á obra de moitos autores estranxeiros. É, sen dúbida nengunha, un esforzo que pagou, e paga, a pena polo que supuxo de fortalecemento para a nosa cultura e a nosa lingua.

O Centro Dramático Galego (CDG), adscrito ao Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e dependente da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, contribuíu tamén, desde a súa creación, a ese mesmo labor de achegar ao público textos de autores galegos e estranxeiros, sempre no noso idioma. Como ente público, dependente da Xunta de Galiza, o CDG ten unha enorme responsabilidade na promoción do teatro galego e en galego, campo no que queda aínda moito traballo por facer, polo que non resulta lóxico establecer outras metas.

Agora, por primeira vez desde o seu nacemento, o Centro Dramático Galego está a preparar a montaxe dun

espectáculo en castellano. Trata-se dun feito insólito, contrario ao espírito co que foi criado e á liña mantida até o de agora polo propio CDG e por todas as outras compañías de teatro galegas.

O proxecto inclúe a montaxe de catro pezas de Valle Inclán que estarán baixo a responsabilidade escénica de catro directores diferentes: dous galegos, un español e un portugués. Sen cuestionar en absoluto a indubidábel valía destas pezas e do conxunto da obra de Valle Inclán nen a vixencia ou oportunidade da súa representación e aínda sabendo que non é posíbel realizar a montaxe en galego pola negativa da familia do autor, non atopamos razón que xustifique ou explique a decisión final de acometer o proxecto mesmo en español. De seguir adiante esta iniciativa, estableceríase un preocupante precedente para o futuro. Non debemos esquecer que algo que en condicións normais non pasaría de ser unha simple anécdota, constitúe un serio conflito na situación de anormalidade cultural e lingüística que vive este país.

Por estas razóns, as persoas abaixo asinantes queremos manifestar o noso total rexeitamento á decisión de acometer este proxecto por considerarmos que o CDG non debe montar teatro en español; en consecuencia, solicita-

Ourense e A Coruña, xa

Por fin, o pasado 4 de marzo publicábase no BOE a Lei 2/1998 que restituía os nomes galegos lexítimos para as provincias de Ourense e A Coruña. Concluía así un longo proceso e abría-se unha nova etapa: unha vez que esa restitución, longamente reclamada, se facía efectiva comezaba o proceso de converté-la en uso real.

O tempo das institucións

Despois das campañas sensibilizadoras realizadas para defender o uso dos nomes A Coruña e Ourense, nas que A Mesa investiu moitos esforzos, e do proceso parlamentario que levou á súa aprobación oficial definitiva, é función da Administración poñer os mecanismos necesarios para promover o seu cumprimento efectivo.

A Mesa dirixiu-lle inmediatamente á Dirección Xeral de Política Lingüística unha proposta de campaña sensibilizadora para intentar conseguir que empresas e comerciantes, medios de comunicación, clubs deportivos, axencias de publicidade, as propias administracións e a cidadanía en xeral asumisen o cambio e pasasen a usar con normalidade as formas galegas. A nosa proposta non tivo resposta nengunha por parte da DXPL, polo que lla enviamos posteriormente ás deputacións de Ourense e A Coruña.

Problemas de aplicación

Ainda que se produciron cambios no uso dos topónimos por parte dalguns medios de comunicación, despois de 4

meses da entrada en vigor desta lei, segue habendo documentos oficiais (certificacións, carnés de identidade, etc.) que usan as formas deturpadas e aínda non se modificou o distintivo OR polo de OU para os vehículos da provincia de Ourense, unha vella reivindicación da Mesa. A mesa do congreso explicaba esta situación dicindo que "non hai base legal para o cambio" no distintivo das matrículas. Mentres agardamos, os coches seguen saíndo co OR e as multas para a xente que puxera o autocolante co OU nas placas seguen o seu curso.

As matrículas de Ourense

Parece que esa falta de "base legal" da que falaba o congreso con referencia ao cambio das matrículas vai ser subsanada coa promulgación dun decreto especial a tal efecto que, segundo din, podería aprobar-se e facer-se efectivo para o mes de agosto.

Desde A Mesa pedimos ante o Director Xeral de Tráfico que se axilice o máis posible ese trámite, que a solicitude de cambio de placas para os vehículos que xa están matriculados non supoña máis custos económicos que os das propias placas e que se anulen todas as multas que aínda están en curso.

O tempo na TVE

Tamén se están a ver os cambios nos mapas do tempo da televisión. Os últimos en incorporarse foron, e xa era hora, os da TVE.



En lembranza de Daniel Garcia Ramos

O pasado 23 de febreiro faleceu Daniel Garcia Ramos, maxistrado da sala do Civil e o Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que foi un dos máximos impulsores do proceso normalizador do galego na administración de xustiza. Garcia Ramos era unha persoa identificada co seu país que defendía con ilusión o uso do noso idioma e a súa incorporación a un mundo tan difícil como é o da xustiza, no que el tivo unha vital importancia. Na nosa memoria, sempre.

Homenaxe

Os seus familiares e amigos da Baña, están a organizar unha homenaxe para primeiros do mes de xullo que se concretará na colocación dun busto na praza do concello de San Vicenzo, A Baña, de onde Daniel era natural.

Para que todas as persoas que o desexen poidan contribuir nesa homenaxe, abrironse contas no Banco Pastor c/c 100354 e na Caixa Galicia c/c 32.530 de San Vicenzo da Baña a nome de "Homenaxe a Daniel Garcia Ramos".



Telefónica en catalán, pero non en galego

Lenta incorporación do galego

As múltiples protestas e denuncias recibidas por Telefónica nestes últimos meses polas contínuas discriminacións da empresa co galego tiveron algúns resultados (por exemplo, anunciaban na prensa a contratación de 100 teleoperadores con dominio do galego oral), pero a situación está moi lonxe de ser a desexada e demandada: segue a haber problemas na atención oral, o galego segue a ser segunda lingua en moitos campos (correspondencia, atendedor, facturación, etc.) e segue a estar totalmente ausente, por exemplo, na publicidade da empresa.



EstraTel

Selección

TELEOPERADORES/AS CON GALEGO

Imprescindible: <ul style="list-style-type: none">- Galego falado- Informática a nivel usuario- Interés na atención telefónica	Se ofrece: <ul style="list-style-type: none">- Contrato de emprego con alta na S.S.- Salario fixo- Grato ambiente de traballo
---	--

Interesados/as chamar ó seguinte teléfono (981) 16 69 01 / 16 69 06, das 9 ás 14 horas e das 16 ás 19 horas, dende o luns ata o mercoles.

Catalanización en un ano

Fronte ás múltiples dificultades que Telefónica opón ás nosas demandas, o pasado mes de febreiro a empresa sorprendíannos co anuncio do compromiso suscrito co goberno da Generalitat de que en 1 ano garanten a atención en catalán, nun proceso que se completará en tres prazos (setembro-97, febreiro-98 e xullo-98). Mesmo na súa revista interna *Info Red*, Telefónica presumía de adiantar-se nos prazos de aplicación da nova lei do catalán e afirmaba que, logo dese período, tanto a facturación como a atención en todos os servizos da compañía se farán directamente en catalán salvo para aqueles clientes que soliciten o contrario. Esa mesma petición fixera aquí A Mesa hai case un ano sen que se recibise resposta satisfactoria.

1004: licéncia para chamar

Dado que aquí Telefónica dá pouco máis que boas palabras ás nosas demandas de normalización lingüística, insistimos na necesidade de facer-lles chegar as nosas protestas, polo que vos convidamos a usar o número gratuito de atención persoal (1004) para demandar que o noso idioma sexa utilizado con normalidade en todo tipo de servizos, comunicacións, publicacións, etc.

Retevisión: catalán e español

Como vos indicabamos no anterior boletín, A Mesa entrevistou-se co director de Retevisión en Galiza para coñecer as súas intencións no uso do noso idioma por parte da compañía e presentar-lle un completo informe coas nosas demandas.

A pesar de que manifestaron moi boas intencións, recoñeceron que non se estudara de momento o uso do galego.

É evidente que esa falta de consideración non a tiveron os responsábeis da empresa en Catalunya, onde a campaña publicitaria de lanzamento se realizou tamén en catalán, lingua na que están facendo xa contratos, facturas, comunicacións. De feito, cando te informas sobre as condicións de contratación con esta empresa, unha das cousas que ofrecen é a escola lingüística para facturas e comunicacións: español ou catalán. O uso do galego seica está en fase de estudo. O teléfono gratuito da empresa é o 015.

Tamén o Banco Santander e SEAT se catalanizan

Dentro da liña de sinaturas de convénios que a Generalitat está desenvolvendo para garantir a aplicación da nova lei, destacan, ademais de Telefónica, outras dúas grandes empresas: o Banco Santander e SEAT.

SEAT, que hai un par de anos protagonizara en Galiza unha intensa polémica ao negar-se a modificar o nome do seu modelo Arosa facendo gala de actitudes tremendamente prepotentes a respecto do noso idioma e da nosa cultura, comprométese agora en Catalunya a garantir a atención en catalán nas oficinas de atención ao público e nos concesionarios oficiais, a enviar as comunicacións aos clientes en catalán salvo que estes indiquen o contrario, a incorporar o catalán na súa publicidade, na rotulación dos centros de traballo e oficinas, así como nos concesionarios, nas nóminas e nos convénios colectivos. O presidente de SEAT, de nacionalidade belga, falou catalán na presentación da sinatura do acordo e dixo que este convénio é unha forma de achegar-se aos traballadores e aos clientes e de integrar-se na vida social e cultural do país.

BREVES

■ Pedimos-lle á conferencia do PSdeG-PSOE, celebrada en Santiago o 14 de febreiro pasado, que asumisen o uso do galego con normalidade e que instasen ao alcalde da Coruña a respectar a lexislación vixente e a abandonar a súa desafiante actitude a respecto da nosa lingua. Mentres seguimos á espera do fallo do Tribunal Supremo, o Concello da Coruña segue sen cumprir a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que o obrigaba a usar unicamente a forma galega do topónimo e a normalizar o uso do noso idioma en actas, anuncios, etc.

■ Pedimos-lle, desde a Plataforma polo Ensino en Galego, ao Conselleiro de Educación que explicase os obxectivos e as medidas que van acompañar o inquérito enviado a todos os centros de ensino do país para coñecer o grao de cumprimento do decreto 247/95. Del, nada se sabe...

■ Durante o mes de febreiro, recibimos a visita dun grupo de profesores e profesoras da Universidade de Gales que, a través dun programa de actividades organizado pola Mesa, tiveron a oportunidade de facer un achegamento á situación da nosa lingua e intercambiar experiencias e información con xente de distintos campos.

A declaración da Renda e o galego

Como en anos anteriores, volve haber moitas dificultades para atopar os impresos da declaración da renda en galego xa que non se distribuíron a todos os estancos. Segundo lle indicou a Axéncia Tributaria á Mesa, a distribución é responsabilidade de Tabacalera, polo que nos puxemos en contacto con esta empresa para coñecer os criterios que se utilizan na distribución. Segundo nos explicaron, son os propios estancos os que solicitan o número de impresos que desexan en cada lingua, sen que haxa no convenio de distribución ningunha cláusula que estableza que esas cantidades han de ser semellantes ou nen sequera que teña que haber impresos en galego en todos os estancos. É dicir, que a disponibilidad de impresos en galego depende da vontade do estanco.

Os programas informáticos

Dos sistemas informáticos que dispoñen dos programas para a realización da declaración, Windows e MS-DOS, só o primeiro dispón de versión en lingua galega. O sistema MS-DOS, amplamente utilizado en xestorías e nas propias oficinas da Axéncia Tributaria, non ofrece a opción do galego.

A toponimia

Un ano máis, o uso da toponimia nos impresos da declaración é unha desfeita: Otero de Rey, Boqueijón, Ordenes, Mugía, Finisterre, Arteijo, Puebla del Caramiñal, etc. son algúns dos esperpentos que podemos atopar.

Denúncias da Mesa

A Mesa denunciou estas discriminacións e agresións co galego ante o Delegado especial da Axéncia Tributaria en Galiza, ante o defensor do Contribuinte e ante o Delegado de Tabacalera para a zona Noroeste. Demandamos que se respeite a nosa toponimia, que se ofereza versión en galego tamén no sistema MS-DOS e que se establezan por escrito no convenio de distribución criterios obxectivos que garantan a presenza de impresos en galego en todos os estancos. Hai que ter en conta ademais que isto non suporía maiores custos para os estancos xa que a distribución dos impresos se realiza en depósito, de maneira que ao final da campaña só teñen que pagar os impresos vendidos.

Cinema en Vigo

Dentro das numerosas actividades que desenvolvemos ao longo deste último ano para demandar medidas que garantan a incorporación do galego ao cinema nas salas comerciais, a zona de Vigo da Mesa organizou dúas interesantes iniciativas.

A primeira delas, unha excursión ao Carballiño para poder asistir á proxección en galego de *A noiva de medianoite*, a última película de Antonio Simón, da que só se fixo unha copia en galego que foi exhibida no cine Yunque de Lugo durante unha semana. Con motivo da súa proxección no Carballiño dentro dun ciclo especial de cinema en galego, un numeroso grupo de persoas desprazou-se até O Carballiño, nun xesto de apoio a esta iniciativa do cinema ourensán, ao tempo que pretendía denunciar o feito de que non se puidese ver a película en galego no resto do país, a pesar de contar cunha importante subvención da Xunta de Galiza.

A segunda iniciativa consistiu na proxección dun filme en galego, *A lei da fronteira*, no cinema Ronsel de Vigo o día 17 de maio, nun esforzo por chamar a atención ese día para as importantes carências do noso idioma. O esforzo de alugar a sala pagou a pena, xa que houbo unha altísima afluencia de público, o que demostra que a demanda existe: só faltan as iniciativas institucionais para botar o carro a andar. Mágoa que a súa contribución se limitase a poñer esa mesma tarde na TVG o mesmo filme... Curiosa coincidencia que inicialmente non estaba anunciada!

Universos paralelos

O pasado 5 de maio, un escalador colocaba na fachada da catedral de Santiago un panel de grandes dimensións no que se anunciaban as obras de restauración e limpeza das catedrais de Santiago e Tui, co-financiadas pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza e a Fundación Caja Madrid. O panel, escrito íntegra e unicamente en español, nen sequer respeita a lexislación vixente en materia de toponimia xa que utiliza a forma TUY.

Ao día seguinte presentamos a correspondente denuncia e demanda de retirada do citado panel ante o Director de Programas da Fundación Caja de Madrid e ante o Director Xeral de Patrimonio. Este último explicaba-nos os feitos indicando que no convenio asinado a parte de publicidade e rotulación correspondía-lle a Caja Madrid e que non se fixo constar nel nada referente ao idioma porque lles parecía óbvio que tiña que facer-se en galego.

De Caja Madrid non se dignaron sequera a contestar a nosa demanda.

Na nosa denuncia, ademais de pedir a retirada do panel –que ali segue–, chamabamos a atención sobre o que poida ocorrer coa lona que en breve cubrirá toda a fachada da catedral até o mes de decembro, dentro do mesmo programa de colaboración. De momento siléncio a este respecto. Que nova sorpresa –óbvia– nos deparará o futuro?

OS COMÉRCIOS DA MESA

Incluimos nesta sección algúns establecementos que usan con normalidade o noso idioma e que ofrecen descontos ás sócias e sócios da MESA.

COPYPLAN, copistería. Rúa Zamora 62, baixo, Vigo. Tel. 986 414149. Desconto do 10%.

TAU. Fotografía. Rúa Coruña, 19, baixo. Vigo. Tel. 986 233105. Desconto do 10% en material fotográfico e agasallos

IMAXÍN. Enxeñaría Informática. Galeras 13 - 1º, SANTIAGO. Dto. do 10 % en material ou calquer proxecto informático. Tel. 981 554068.

PIZZA-POLO. Casas Reais- SANTIAGO. Dto. do 5% en pizzas, lasañas, canelóns e espagueti. Tel. 981 587272.

CASA DOS PEDROUZOS. Turismo Rural. As Nogais. LUGO. Tel. 982 364272 / 982 151061. Dto. do 10%.

ACADEMIA BASE. Rúa Barcelona, 37. A CORUÑA. Dto. do 10% en cursos de oposicións. Tel. 981 140836

FLORES MARUXIÑA. Xeneral Franco. RIBEIRA. Dto. do 10% en todo tipo de material. Tel. 981 874293

A PALAVRA PERDUDA. Música, Papelería. Vista Alegre, 143- SANTIAGO. Dto. do 5% en música. Dto. do 10% en papelería. Tel. 981 554045.

RADIO FENE. Dto: 5% na contratación de publicidade. Enderezo: Casa do Concello - 15500 Fene. Telefone: 981 342411 Fax: 981 342751

Correlíngua-98: Pon a língua en marcha

Como en anos anteriores, volvemos convocar, en torno ao 17 de maio, unha carreira pola lingua. A deste ano celebrou-se en Santiago o día 15 de maio, baixo o lema "Pon a lingua en marcha", e estivo organizada conxuntamente pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de ensino secundario de Compostela, o Concello de Santiago, a Agrupación Cultural O Galo e A Mesa.

Como parte dunha campaña previa de divulgación dos obxectivos da carreira, convocou-se no mes de marzo un certame de debuxo entre os centros de ensino de Santiago ao que se presentaron algo máis de 600 traballos. O debuxo gañador (que correspondía a Cruz Louzao Pernas, do IB Rosalia de Castro) utilizou-se como cartaz anunciador.

Na carreira participaron unhas 3.000 persoas, maioritariamente rapaces e rapazas de ensino secundario. Ao final, durante un acto presentado polo actor e xornalista Carlos Blanco, entregáronse os premios do certame artístico previo á carreira e sortearon-se numerosos agasallos entre os participantes: entradas para o partido da última xornada de liga Compostela-Oviedo, camisetas e balóns asinados polos xogadores do Compos e máis de 50 lotes de libros e discos.

Mónica Góñez, poeta e integrante de Mocidade pola Normalización Lingüística, leu o Manifesto final no que se recollían os principais obxectivos e reivindicacións desta carreira, coa que se pretendía chamar a atención da xente nova sobre a necesidade de adoptar unha postura activa na recuperación do uso do noso idioma.

Carlos Blanco deu lectura á seguinte "conta atrás":



PARABÉNS

Esgarr-Víctor

Un centro de estudos en Vigo que ten o galego como bandeira desde hai ben tempo. Cursos de informática, Universidade, recuperacións, mecanografía, etc. Están en Urzaiz 191, 2º esquerda e Cataluña 7. Tel. 986 271311

Comercinco

Esta empresa envasa e comercializa o Café Obradoiro, o primeiro café etiquetado no noso idioma que, ademais, leva gravado no envase o mapa de Galiza. Tel. 981 292386.

Restaurantes


A nosa lingua é cada vez máis frecuente nas cartas dos restaurantes, un avance que vén a pedir de boca. Os nosos parabéns para o restaurante O 56, en Lugo, e para o Mesón A Mandrágora en Pontevedra.

Prensa comarcal

Dentro do difícil panorama que o uso do noso idioma presenta nos medios de comunicación, resulta gratificante comprobar o seu avance nos xornais de ámbito comarcal. Así a vellos proxectos como o da Peneira seguen-lle os pasos outros máis recentes como "O Salnés. Siradella" ou "Merca Vedra", da zona de Pontevedra, escritos integramente en galego. Só falta que se animen tamén as empresas que se anuncian neles.

Diário de Noticias

Este xornal portugués distribúese desde o 27 de marzo nos quiosques de Galiza. Como din eles, bom para os galegos, óptimo para os portugueses.



Non hai excusa. Acabou-se a conta atrás!!! Pon a lingua en marcha.



Polo galego no cinema

Un certame “sensibilizador”



Desde a MOCIDADE POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, en colaboración coa Editorial Sotelo Blanco e a Librería Mayso, e co apoio de Miguel Anxo Fernández (crítico de cinema), Ernesto Chao (actor), Miguel Anxo Murado (guionista), Sónia Castelo (actriz de dobraxe; voz de Wilma Pica-pedra, entre outras) e Miguelanxo Prado (debuxante) estivemos movendo ao longo do mes de abril por todos os centros de ensino e diversas organizacións socioculturais do país un certame de debuxo “Polo galego no cinema”.

Vimos de fallar este certame, ao que se presentaron arredor de 900 traballos para as distintas categorías. Levaron os primeiros premios: Lucas Filgueira Castro

(Categoría A), Xian Otero Caamaño (Categoría B) e Rafael López Labarta (Categoría C). Tamén se lle deu un galardón especial ao coléxio público Mestre M. García de Santa María de Oia, por ser o centro que máis traballos presentou.

Mantemos vivas as nosas demandas

Con este certame, pretendemos manter o debate social en torno á necesidade de galeguizar a pantalla grande e concienciar ás xeracións que representan o futuro de Galiza de que o noso idioma debe ser promocionado. Máis aínda se temos en conta –como vimos repetindo desde hai case un ano– que a dobraxe de cinema actual é posíbel sen que teña que supor un maior custo que a dobraxe de cinema que se pasa por TV.

Inundamos a Xunta de instancias

Este certame é a última acción dentro da campaña que desde a Mocidade pola Normalización Lingüística vimos desenvolvendo desde hai case un ano para logramos ver e ouvir aos herois do cinema na lingua propia do noso país. Así, desde o mes de novembro até o de maio, presentamos perto de 9.000 instancias no Rexistro da Xunta, demandando-lle á Dirección Xeral de Política Lingüística accións a favor do uso da nosa lingua na pantalla grande. Estas instancias demostran que existe un público potencial desexoso de poder ver os filmes de estrea en galego.

O problema: a incapacidade da Xunta

Como vemos, o problema non é de público. Tampouco é de diñeiro. Nen tan sequera das distribuidoras. O problema é que estamos ante unha Xunta decididamente desidiosa na promoción da nosa lingua, até o punto de non cumprir nen as leis que lle obrigan a facé-lo. Non esquezamos que o artigo 20 da Lei de normalización lingüística, vixente desde o ano 1983, asinala como obriga da Xunta o fomentar “a produción, a dobraxe, a substitución e a exhibición de filmes en lingua galega”, e aínda non vimos a primeira iniciativa da Administración neste senso (en 1994 exhibiu-se en versión galega *O Pico das Viúvas*, pero era iniciativa privada da distribuidora Filmax).

O alunado ten un dereito que o profesorado debe cumprir

A Plataforma do Alunado pola Galeguización do Ensino Médio que coordena a sección xuvenil da MESA e da que tamén fan parte os Comités Abertos de Estudantes, Galiza Nova e a área de mocidade de Esquerda Unida - Izquierda Unida, vén desenvolvendo unha serie de accións ao longo dos últimos meses de cara a lograr que “o ensino, en galego” deixe de ser unha reivindicación para converter-se nun feito. Un feito que suporía un importante paso na mellora da calidade educativa na Galiza.



22 de abril: paramos para avanzar na defensa do galego

Promovemos a mobilización do estudantado para esta xornada, fundamentalmente orientando as nosas demandas en esixir o cumprimento do Decreto 247/95, no camiño da plena galeguización da docencia.

O paro foi amplamente respaldado nos institutos de todo o país. Alén diso, realizáronse manifestacións ou concentracións en Santiago de Compostela, Vigo, Ourense, A Coruña, Pontevedra, Vilagarcía, Gondomar, O Porriño, A Póvoa do Caramiñal, Noia, Monforte, Mondoñedo, Foz, Viveiro, Ordes, Ribadavia, O Grove, Burela, San Cibrao, Carballo, Cambados, etc., etc.

A Consellaría responde...

Ao día seguinte da mobilización, a Consellaría de Educación enviou un comunicado afirmando que “o galego é o idioma habitual do 73% das mozas e dos mozos de entre 16 e 25 anos” e parabenizando ao alunado que non reivindicou os seus dereitos lingüísticos o día 22. Esta resposta da Administración só pode ser cualificada de cínica, manipuladora e arteira.

Contigo, o futuro será en galego

Están-se a distribuír por todo o país uns trípticos destinados á xente nova, nos que se informa de xeito áxil sobre a nosa organización e a maneira de colaborar connosco.

Trata-se dunha campaña de afiliación e, a un tempo, de concienciación lingüística. Queremos facer chegar a mensaxe de que cada persoa se debe implicar no proceso de restitución da dignidade idiomática para o noso país. Loxicamente, no sentido de que a mocidade galega representa o futuro da sociedade galega, tamén representa o futuro do seu idioma.

O Windows-98 e o galego

Segundo nos informaron en Microsoft Ibérica, o polémico Windows-98 tampouco vai ter versión en galego. O conto xa é vello, pois cando saíra ao mercado o Windows-95 xa acontecera o mesmo: había versións en euskera, catalán e español, pero non en galego. Mentres que Microsoft alegaba razóns de mercado para non comercializar versións en determinados idiomas, os gobernos basco e catalán compensaban eses desaxustes de mercado e asinaban convénios coa multinacional para poder dispoñer nos seus idiomas non só do Windows-95 e versións posteriores, senón doutros programas informáticos.



Co anuncio da saída do Windows-98, a historia repítese. A Mesa puxo-se en contacto con Microsoft para saber o que ia acontecer coa nosa lingua e a resposta foi a mesma: segue sen haber ese convénio coa Xunta que permita dispoñer no noso idioma dos programas informáticos máis usados do mundo. Tras unha campaña de envío de cartas á Xunta e a Microsoft promovida polas Ciberirmandades da Fala e a Plataforma polo Galego na Informática a resposta produce-se pero, segundo indicaba Microsoft, chega tarde xa que a elaboración dunha versión nun idioma determinado require un ano ou ano e medio de traballo.

Confiemos en que esas conversas e acordos que a DXPL anuncia agora non se frustren e nos permitan dispoñer no futuro de versións en galego dos distintos programas. E iso non está reñido coa elaboración de correctores, vocabularios, etc. Que o mesturan todo!

Dosier de prensa de 1997



Como sabedes, A Mesa recopila ao longo do ano toda a información relativa ao noso idioma que vai aparecendo na prensa: novas, cartas ao director, artigos de opinión, banda deseñada e viñetas, etc. Con todo ese material elaboramos desde 1986 uns volumes anuais que resultan de grande utilidade como guía de consulta e referencia, como material de traballo nas aulas, etc.

Xa está á vosa disposición o volume correspondente ao ano 1997, ao prezo de 12.000 pesetas. Tamén podeades adquirir volumes de anos anteriores ou toda a colección completa.

Xa temos o noso sitio web

Como anunciabamos no boletín anterior, xa dispoñemos de enderezo electrónico (amesanl@interbook.net), algo que sen dúbida pode axilizar moito a comunicación con todos aqueles que xa estades enganchados.

Agora poñemos tamén á vosa disposición o noso sitio web: <http://www.interbook.net/colectivo/amesanl>

Ali atoparedes información sobre A Mesa e sobre a Mocidade pola Normalización Lingüística, a nosa sección xuvenil, novidades sobre as últimas campañas e iniciativas, enlaces con outros sitios web de interese, etc. Tamén podeades acceder aos nosos boletíns informativos e a unha versión electrónica do libro *1410 nomes galegos*, editado hai uns anos en colaboración co *Correo Galego*. Permite-vos ademais, facer-vos sócios, modificar e actualizar os vosos datos, solicitar algún material atrasado, etc. Non está rematado, polo que ides atopar seccións que aínda non funcionan, pero convidamos-vos a visitá-lo e a enviar-nos os vosos comentarios, suxestións, etc.

O noso sitio web foi realizado por Signum Deseño (signum@corevia.com / 981 554983), con Suso Otero na produción e Manolo Martínez na dirección artística.



Para centros de ensino, concellos, servizos de normalización lingüística, etc.

Nace a figura do sócio-colaborador

Son cada vez máis os centros de ensino, concellos e colectivos que se dirixen á nosa organización para solicitar-nos material das nosas campañas coa finalidade de utilizá-lo como apoio ou información nas súas actividades relacionadas coa normalización do galego. Vemos así como se esgotan os nosos cartaces, trípticos e boletíns sen que poidamos satisfacer todas as demandas que nos chegan.

Ante a suxestión de moitos destes colectivos de faceren-se sócios da Mesa como un modo de apoio ás nosas actividades e á edición dos materiais, decidimos criar a figura do sócio-colaborador, especialmente pensada para centros de ensino, concellos e outros organismos e colectivos en xeral.

Vantaxes do sócio-colaborador

Cunha cuota anual de 15.000 pesetas, os sócios-colaboradores recibirán 5 cópias de cada número do noso boletín informativo, *ReMesa*, mostras de todo o material que vaíamos editando nas nosas campañas (folletos, cartaces, autocolantes, etc.) e un 10% de desconto na compra de material da tenda da *ReMesa* (publicacións, dosieres de prensa, camisetas, etc.) para pedidos superiores a 5.000 pesetas.

Apresentamos unha proposición de lei aos grupos parlamentarios

A finais do mes de marzo A Mesa presentou-lle aos catro grupos parlamentarios galegos unha proposición de lei sobre o uso das linguas oficiais na administración da Xunta de Galiza. O noso obxectivo era que o presentasen conxuntamente para o seu debate e aprobación no Parlamento.

O borrador xa fora presentado a finais da anterior lexislatura, pero non chegara a tramitarse por falta de tempo. Inclúe vintetrés artigos cos que se pretende dar-lle desenvolvemento legal ao compromiso de uso da lingua galega por parte da administración da Xunta de Galiza que establecía xa a Lei de Normalización Lingüística. Neses 23 artigos regula-se o uso da lingua a nivel interno, nas relacións cos cidadáns e cidadás, nas relacións con outras institucións, en publicacións, avisos, rexistros, etc.

Oferta Especial para os lectores de ReMesa

PREZOS DE SUBSCRICIÓN DE o correo galego

MENSUAL	3.200 ptas.
TRIMESTRAL	9.500 ptas.
SEMESTRAL	18.100 ptas.
ANUAL	34.750 ptas.

SE VOSTEDE FINALIZA UNHA SUBSCRICIÓN ANUAL PODERÁ OBTER CALQUERA DESTAS VANTAXES:

- Un desconto do vinte por cento (20%) = 27.800 ptas.
- Unha cubertería de 36 pezas.
- Un billete de avión ida e volta para unha persoa a: Mallorca, As Palmas, Tenerife, Madrid, Barcelona, Málaga ou Alacante (temporada baixa).
 - Un atlas mundial multimedia Salvat en CD Rom.
 - A colección de clásicos da literatura "Biblioteca 114".

Ademais consideramos períodos de subscrición especiais para centros de ensino atendendo o calendario escolar.

OS PRIMEIROS PASOS DA NOVA LEI DO CATALÁN

No número anterior da *ReMesa* dabamos conta nesta sección da aprobación da nova Lei de Política Lingüística do catalán, coa súa polémica e os seus recortes. Nestes primeiros meses de vida, chegaban até nós as primeiras novas da súa aplicación: decretos, acordos con empresas privadas, etc. Co obxectivo de achegar-nos ao proceso real de aplicación, diriximo-nos a quen ten a responsabilidade directa de poñer a andar esta lei, a Dirección Xeral de Política Lingüística do goberno da Generalitat de Catalunya, para saber como se está a acometer esa liña de traballo. Se estades interesados/as en dispoñer do texto da lei podedes solicitá-lo ao noso local de Santiago.

A Lei 1/1998, de Política Lingüística, e a súa aplicación

Por Yvonne Griley, Subdirectora Xeral de Política Lingüística da Generalitat de Catalunya

A aprobación da Lei 1/1998, de 7 de xaneiro, de política lingüística, marca sen dúbida nengunha un novo horizonte para o uso da lingua catalana en Catalunya.

Aprobada o 30 de decembro de 1997 polo 80% dos votos do parlamento catalán, e promulgada o 7 de xaneiro polo Presidente da Generalitat, a Lei desenvolve o artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Catalunya e extrae del consecuencias xurídicas que, por unha parte, lle conferen ao concepto de lingua propia o carácter de referente colectivo para o uso do catalán nas institucións, nos medios de comunicación, na produción editorial, na informática, a publicidade e as actividades laborais, profesionais, deportivas, asociativas e lúdicas; e, por outra parte, converten o concepto de oficialidade en garante dos dereitos subxectivos de cidadáns e cidadás.

Desde o punto de vista práctico, é dicir, desde o que vai conlevar a súa aplicación, a relevancia deste texto legal radica basicamente en 3 eixos e cada un deles presenta distintas fronteiras de traballo: en primeiro lugar, o que denominariamos oficialidade; en segundo, a introdución de regulamentación nos ámbitos privados; e, por último, as estratexias de planificación. Como imos ver, as tres liñas iniciaron xa o seu desenvolvemento.

Cumpre dicir inicialmente que a Lei consolida a presenza do catalán no ámbito das administracións públicas con sede en Catalunya e que tamén consolida o mode-

lo de ensino catalán que, de maneira semellante ao deseñado en Galiza, fai xeral a lingua catalana como lingua da educación e, agora con rango de lei, de todo o ensino non universitario, do bacharelato e mesmo da formación profesional.

É precisamente no ámbito institucional onde, unha semana despois da aprobación da lei, se produce o inicio do seu desenvolvemento regulamentario. O 4 de febreiro de 1998 o goberno aproba o Decreto 36/1998, de medidas para a aplicación da Lei 1/1998, que encarga a coordinación do proceso de aplicación da lei a unha comisión técnica de política lingüística formada polas altas xerarquías administrativas de cada departamento, o Director Xeral de Política Lingüística e os conselleiros de Cultura e de Presidencia, e que lle atribue á Dirección Xeral de Política Lingüística a demarcación e o

impulso das políticas de extensión e de uso do catalán e de mantemento da calidade da lingua. Esta coordinación fai-se vital en previsión do desenvolvemento regulamentario sectorializado previsto para a Lei, que a curto prazo pode incidir na regulación da función pública, da exhibición cinematográfica, nos procedimentos rexistrados ou no notariado.

En segundo lugar, o carácter relevante da Lei debe-se tamén á ruptura dun tabú: a lei deixa atrás a idea preconcebida de que é imposible regular lingüisticamente no ámbito da empresa privada. Neste sentido, regula a presenza interna e externa da lingua catalana nas empresas públicas e concesionarias das administracións, das

empresas de transportes, comunicacións, subministrados e servizos públicos en xeral e asegura que calquera establecemento aberto ao público debe estar en condicións de atender aos consumidores sexa cal sexa a lingua oficial na que estes se expresen. A Lei 1/1998 prevé tamén garantías de presenza do catalán nos medios de comunicación de concesión pública e privados, na produción audiovisual, na publicidade e na actividade profesional e laboral en xeral.

Neste contexto, e a pesar de que a Lei establece un prazo de adecuación para as empresas de dous anos, son numerosas nestes momentos as organizacións que xa deron mostras de adecuar-se aos preceptos da lei. Podemos citar como pioneiras: Banco Santander, Telefónica, a organización da pequena e mediana empresa de

Catalunya PIMEC-SEFES, o Colexio de rexistradores, coas que a Generalitat asinou convénios de aplicación da lei nos últimos meses. Eses convénios debuxan un panorama tremendamente esperanzador se temos en conta que son moitas máis as vontades expresadas nese mesmo sentido por parte de marcas comerciais, cadeas de venda, compañías aseguradoras, empresas de automoción e organizacións profesionais diversas.

Finalmente, a innovación legal implica tamén novos métodos de intervención. A Generalitat está a traballar para dispoñer de instrumentos de planificación xeral complementarios á lei e adaptados aos seus novos obxectivos, instrumentos que deberán facilitar a súa aplicación e prever o seu seguimento.



CARTAS Á REMESA

Como temos indicado en números anteriores, a *ReMesa* está aberta ás vosas colaboracións e cartas, a través das que podeades presentar temas ou cuestións que vos parezan de interese para o proceso de normalización da nosa lingua, ao tempo que complementar ou engadir novas visións ou opinións aos temas que aquí apresentemos.

Incluimos nesta ocasión un texto de Joaquim Ventura, sócio da Mesa, que achega tamén a súa visión sobre a nova lei do catalán. Joaquim Ventura é catalán, licenciado en Filoloxía Románica (Galega e Portuguesa) pola Universitat de Barcelona e doutor en Filoloxía Románica pola mesma universidade no ano 1997, coa primeira tese sobre temática galega feita en catalán na UB. É membro do consello de redacción do Anuario de Estudios Literarios Galegos e colaborador de O Correo Galego e Grial.

Outra perspectiva encol da Lei de Política Lingüística catalana

por Joaquim Ventura

No número 31 do boletín *ReMesa* viñan tres artigos encol da Lei de Política Lingüística que vén de aprobar o parlamento catalán. Con máis ou menos diferéncias, os tres resultaban críticos á hora de enxuzá-la. Desde a miña posición, coido que privilexiada, de cidadán catalán e mais filólogo coñecedor da realidade galega, penso que convén matizar algunhas das opinións manifestadas nos citados artigos.

Unha reserva que cómpre ter en conta é que os máis dos/das sociolingüistas que estudan as linguas de seu, en tanto que linguas B nunha situación diglósica, adoitan ocupar a franxa máis afastada do eixe xeométrico entre as linguas en conflito. É dicir, a posición ideolóxica –verbo da lingua–deses/as sociolingüistas non se corresponde coa média ideolóxica presente na sociedade que ten esa lingua B como propia. Unha mostra desa diverxencia son os artigos de Jordi Sedó e da Plataforma per la Llengua, os cales vulgan que o oitenta por cen dos deputados autonómicos cataláns (de centro-dereita ou de esquerdas, nacionalistas, independentistas ou federalistas) andan trabucados. Moito erro leva enriba de si ese parlamento, pois.

E mais. Proba da súa visión sectaria, Jordi Sedó non dubida en afirmar que foi IU quen votou a prol da “chamada lei de política lingüística”. A lei, queiramos ou non, chama-se así, non é chamada. Doutra banda, calquera ben informado saberá que foi Iniciativa per Catalunya, forza política que rachou os seus vencellos coa coalición liderada por Anguita. E máis aínda. Iniciativa per Catalunya é unha forza política comprometida a prol da normalización lingüística do catalán. Compromiso presente xa desde os tempos do PSUC na clandestinidade e nos barrios obreiros e nas fábricas que falan en castelán, e que a situaría ben lonxe dese “posibilismo irresponsábel e covarde” que consideraba Sedó.

Outra visión que cómpre matizar é a dos supostos colectivos lingüísticos, erro no que caen tanto Jordi Sedó como Francisco Nieves, coordinador da Mesa en Barcelona. O primeiro falaba dunha “comunidade catalano-parlante”, mentres que o segundo refería-se á “existencia de grandes bolsas de poboación emigrante”. A piques de rematar o século XX, en Catalunya non hai nin comunidade catalano-parlante nin poboación emigrante. Todos somos cidadáns de Catalunya, cataláns e catalanas, con maior ou menor competencia en ambas as dúas linguas. E, precisamente, rachar esa convivencia (non vou dicir que harmónica mais si pouco conflictiva) por razón da lingua é o obxectivo dos sectores de extrema dereita, pesca-

dores sen escrúpulo en río revolto e, por riba, pescadores en nome da democracia. Demagogos en castelán de Pedralbes que, presuntamente, din defender os dereitos dos chegados de fóra que falan nesa lingua e que viven en Cornellà, Santa Coloma de Gramenet, Badalona, etc.

E nese caldo de cultivo da demagogía españolista, agachada coma ovos de serpe na dereita e na esquerda españolistas (agora agroma desde sectores do PP, do PSC-PSOE e dos promotores de IU escindidos de IC), moitos dirixentes de casas rexionais están a caer. Dá-se por sentado que ten o castelán como lingua materna quen non tivo o catalán e que o castelán é oficial en Catalunya en tanto que lingua nai de moitos “novos cataláns” e lingua “comun” de todos os españois. Naturalmente, nada máis lonxe da verdade. O castelán é oficial por ser lingua do estado e hai moitos cataláns que o tivemos como lingua nai e que optamos libremente por facer do catalán a nosa lingua persoal. Do mesmo xeito, cómpre non esquecer aqueles cidadáns cataláns que teñen outra lingua nai –xa que logo, os de orixe galega– e non por iso esa outra lingua é oficial en Catalunya. Porque, que maior dereito a defender que ter as ferramentas para participar en pé de igualdade nunha sociedade? Os dirixentes de casas rexionais –moitas veces pequenos caciques que medran á sombra das subvencións– que agora enchen a boca de presunta discriminación do castelán, cantos cursos de catalán lles ofertaron aos seus concidadáns de orixe? Que fixeron por facer dos seus compatriotas uns cidadáns de pleno dereito?

Todos sabemos que aínda queda moito camiño por percorrer e que esta lei non dá rematado coas limitacións que segue a ter a lingua catalana. O obxectivo é que todos os que viven e traballan en Catalunya, sexa cal sexa a súa orixe, cheguen a conseguir a máxima competencia nas dúas linguas. Mais o que menos precisamos son “aiatollahs” da lingua que, con avisos catastrofistas, non fan outra cousa que meter paus nas rodas, paus dos que só tiran proveito os vidalquodras de turno.

NOTA: Neste mes de xuño cumpren-se 15 anos da Lei de Normalización Lingüística, polo que imos dedicar a sección da Mesa de Debate do próximo número da *ReMesa* a analizar a súa situación e vixencia despois de todo este tempo. Convidamos-vos a que nos fagades chegar suxestións, ideas ou colaboracións sobre este tema ou sobre outros que consideredes de interese para esta sección.